

SHANGHAI

Jon Abril

Traducción: Xoan Alonso y Jose Luis Padrón

Shanghai, cidade das mil bandeiras

Shanghai. Unha das cidades máis grandes de China, con 14 millóns de habitantes e, ó mesmo tempo, a máis cosmopolita (deixando á beira Hong Kong). Atópase a 1.462 kilómetros de Beijing. Aséntanse 2.094 habitantes por kilómetro cadrado, número que no centro da cidade ascende a 3.296. Shanghai vive hoxe un desenrolo vertixinoso. No 2001, por exemplo, construíronse 15 millóns de metros cadrados de vivendas.

Xian Shuan Lei observa o paso do tempo baixo a sombra que debuxan os rañaceos. Repasa o tempo amoreado so dos seus homeiros co ir dos anos. A rúa é un incesante ir e vir de

persoas. Os portales convírtense en improvisados mercados nos que se vende de todo: vexetais, pilas, teas, tofu, té,... Absoluto murmurio de voces. Lixeiramente os nosos pasos e, sobre todo, a cámara de fotos, conseguen mudar unha migalla o particular ritmo. É agora cando Xian Shuan Lei troca o xesto. Fai da súa inmovilidade mirada, rigoroso repaso. Nada de fotos. Unha, non máis.

Poucas rúas máis aló ábrese outra cidade. Exaltación, barullo, amoreamento de individuos e automóviles, non hai outra cousa. As ringleiras de coches carecen de principio e final, conforman un *continuum*.

A Shanghai de hoxe, modernizada e renovada, non renegou das outras Shanghai existentes, a legada polos franceses, a erixida polos ingleses, a puída polos alemáns, a mellorada polos xaponeses. Todos eles forman ó creador da única Shanghai, de tódalas Shanghai.

O primeiro que vemos é a estación de trens. Un incesante regueiro de viaxeiros xermolando dos vagóns e, entre eles, nós, como nunha manifestación, de vagar, toda a atención posta en non bater con aqueles que nos preceden. Un corredoiro ascendente nos guinda á rúa, de contado, onde unha ducia de persoas ofrece direccións de hotel, hostales, habitacións, milleiros de cousas. Non é se non unha das primeiras fotografías da Shanghai que nos agarda. Buscamos a fuxida, de fronte, non sabemos cara onde, pero entre a poboación china sómola presa preferida dos moinantes. *Dibidi, dibidi*¹, o estribillo que nos acompaña dende Beijing. O Rolex é o rei de Shanghai. *Rolex, cheap, Rolex*. Moreas de mans abanean tarxetas con imáxenes de hoteles cando nos ofrecen as súas habitacións. A oferta amóldase a tódalas posibilidades. E se non personalizase no mesmo intre.

Cos trastes so das costas entramos no metro. Se a estación de trens nos pareceu un verdadeiro fervedoiro de persoas, este lugar xa non ten alcume. Todos nunha mesma dirección, como un

¹ Dibidi: Del inglés DVD.

xigantesco rabaño. O grupo marca o ritmo que deben segui-los pes. De outro xeito sería imposible avanzar. Xamáis tiña ollado semellante reunión de xente. O metro é un formigueiro fabuloso. E como se tenta de que a ninguén lle falte traballo, varios gardas cun altofalante na man repártense pola plataforma para retelos viaxeiros entre as liñas divisorias. É un oficio. E compre que os viaxeiros respeten as súas indicacións.

Logo dunha viaxe de 18 horas, o que me apetecía era tomar unha boa ducha. A orde e a limpeza que amosa a habitación non se asemella nada ca do baño. O lavabo é vello, e a bañeira carece de ducha. Ó final, de crequenas, laveime ca auga da billa. A auga, polo menos, sae quente. E na China, todo isto, é máis que moito. ¡Non, en balde, estamos medio século por diante respecto ó resto do país! Logo souben que as duchas están no piso de abaixo, repartidas como nun vestiario de fútbol. Xamáis deixamos de ser unha curiosidade para os chinos. Non perderán a oportunidade de observarlos nosos corpos espidos. Ó parecer, somos distintos dende o mesmo intre no que nacemos.

O Bund é a ribeira de Shanghai. A ponte entre o seu presente e o seu futuro. Un espacio novo nado da cidade cosmopolita á outra beira do río: Pudong, fileiras de modernos edificios, cada cal máis espectacular, convertido agora no símbolo da cidade. Alí compartimos visita cunha morea de turistas chinos. Ven sendo doado distinguir un metropolitán dun campesiño, comentamos. O xeito de vestir delataos, pero non só iso. O xeito de mirar, o seu comportamento, o ritmo é o que os diferencia de arriba abaixo. Os naturais da cidade teñen unha aparencia distinta. Aquí todo é máis vertixinoso, percíbese o eco de occidente, nótase mesmo no xeito de ser e comportarse da xente.

Shanghai está chea de tendas, e pasámola maior parte da tarde na principal zona peatonal, Nanjing Lu. É a rúa que xunta o maior número de transeúntes do mundo. A cor do asfalto ocúltase baixo a multitude, o individuo morre aquí, para converterse en masa. Varios homes e mulleres colocan encol dunhas mantas bufandas, panos e complementos de venda. Con tan só cheirala presenza da policía recollen todo cunha habilidade abraiante, e liscan botando lume. Non tardarán en voltar e abrilos postos.

Velocidade é un dos apelidos desta cidade: o que acaba de ocorrer xa é pasado. A cidade vive sumerxida nun ritmo enérxico, o mesmo que os seus habitantes. Pero entre tantos contrastes é unha circunstancia que mesmo pode pasar desapercibida. Todo é posible en Shanghai, o branco e o negro fúndense nunha mesma foto, o pasado e o porvir. As luces de neón enfeitán os recunchos, a escuridade.

Nesta cidade os contrastes toman contradicións. En cada rúa esténdense dúas cidades dentro da mesma Shanghai. As novas construcións, modernas, vangardistas, de cristal e aceiro, érguense nunha beira da rúa, a Shanghai actual, símbolo do progreso de China. A histórica, a cidade da outra época, onde semella detido o tempo, está xusto na beirarúa de enfronte. Tesouros vivintes. Non hai portal no que non se venda algo, a xente sae á mercar un pixama, e cos zapatos impecables. Os produtos estrela son os alimentos e o xénero do fogar. Anciáns e anciáns confúndense entre as mercancías fronte dos portales, como

Xian Shuan Lei, sentado enriba da súa cadeira, sen perder detalle de todo o que pasa. É un lugar perfecto. Case non hai forasteiros. Nós, alomenos, non coincidimos con ningún, e é cousa que aínda chama a atención, sobre todo entre os máis maiores. O seu estar é distinguido, como dun lapso de tempo que non importa que se perda. Transmiten moita tranquilidade, paz interior. Non semellan especialmente preocupados, saben que xa fixeron o que tiñan que facer na vida, e ben o saben. A dinámica do mercado, tanto ir e vir non lles afecta. Un dos anciáns fica sentado, digno, enteiro, corpo erguido, mirada perdida, pero cun punto de sagacidade. Case se podería recoller todo o seu pasado mentres descansa enriba do tallo, nunha cidade que moito cambiou, pero na que fachendoso testemuña ha cambiado radicalmente, *aquí sigo*. Permanece serio, ó seu arredor xorde unha tremenda festa cando Asier empezou a botar fotos. Semella que xamáis antes o retrataran, e a xente achégase ó barullo. Poucos metros máis alá, os videos, as cámaras dixitais, a tecnoloxía punteira faise ca rúa.

Entre a roupa interior que colga dos cables eléctricos, entre as sábanas que toman o aire contra as cadeiras, rodeamos a esquina onde unha gaiola detén a mirada perdida dun can que agarda a hora de ser cociñado.

Alcanzamos a Shanghai moderna, presente e futuro, o lugar onde se realizan tódalas inversións. Pero os cartos non poden todo. Non hai moito movemento ó mediodía. Nin mercado, nin deambular de xente, non hai nin alma. Os rañaceos sós non fan a cidade.

Regresamos á outra beira do del río, na busca da esencia da cidade. No mercado de teas a cámara fotográfica de por si é un acontecemento. Xamáis Asier vírase rodeado de tantos incondicionais. Bota as fotos con boteciños, ca técnica *pin-hole*². ¡Este babeco vai por tola a toda esta xente que nada máis veu para mercalas súas teas! Ós rapaces encantalles pousar diane da

² Pin-hole o estenopeica: una cámara estenopeica es aquella que no tiene sistemas ópticos basados en la refracción de la luz, siendo sustituidos por un orificio, llamado estenopo, que es el encargado de formar la imagen. Los principios básicos de los estenopos se encuentran ya en textos chinos del s. V a. C.

cámara, pero os seus pais tampouco quedan atrás. Asier xunta un grupo de nenos contra os estreitos pasillos do mercado. Entrementres, Ainhoa proba un vestido feito á medida non interior dun vestiario improvisado. Trátase de extendelos brazos abertos nun anaco de tela, e xa temos máis que feito o probador. Todo baixo a atenta mirada do comerciante.

Non moi lonxe de aquí atópase Xintiandi, unha das zonas máis *inn*. Derrubada a arquitectura enxebre, construíron no seu lugar novas vivendas, e as casas históricas que aínda perviven non tardarán en corre-la mesma sorte. As tendas de luxo e os *longtang* ou *shikumen*, as residencias características de Shanghai, conviven na mesma beirarúa. Fronte dos comercios máis caros, unha familia afronta o seu día a día como si non tivera corrido a historia, fai a cea na beirarúa, ca roupa tendida no tendido eléctrico, unha de mil bandeiras. A roupa tendida enriba dos paus de bambú. De ahí colle a cidade o alcume: Cidade das mil bandeiras.

Os *longtang* ou *shikumen* son casas pequenas e incómodas. Pero forman parte do íntimo dos seus habitantes. Parte da súa personalidade. Cando dez familias viviron baixo un mesmo *shikumen*, a rede afectiva que crean estas construcións é formidable. Ahí se agocha o sentido derradeiro do comunismo, cooperación e intercambio. Os novos veciños son recibidos con doces e té, entre agasallos para a súa nova casa. Nembargantes, a especulación lle gaña terreo ó humanismo. O pasado, a historia e a identidade teñen os días contados. A bandeira do capitalismo pode ca cidade das mil bandeiras.

Nas antigas rúas, nos abeiros do encanto, os habitantes de Shanghai agasallan vitalidade. Nada máis saen do colexio, os escolares devoran lambetadas , e mazarocas de millo, e xamón como si fose un chupa chups... As beirarúas tamén son aquí carpas de vellos motores, ofrécese maquinaria pesada, xunto ós prismáticos, mazás, tofu³, pixamas e todo o que un poida usar e

³ Tofu: queso de soja.

imaxinar. A idea do mercado ten o seu lugar de ser nas rúas de Shanghai, e non nas actuais grandes superficies.

Á hora da cea, atopámonos con vascos e cataláns, polo que a sobremesa foi longa. As luces de neón competían co nosos ollos por ver quen alumaba máis ó serán de Shanghai. Foi algo verdaderamente curioso. Creo que inventámolo taxi-poteo. Dous taxis nos deixaron na entrada dun bar. O ambiente é agradable, pero está cheo de rapaces novos extranxeiros e chinas. É a tónica xeral. Os chinos varóns non se moven por aquí, e elas, normalmente, lánzanse ó pescozo branco de petos quentes. No *Judis* é algo evidente. Un dos principais lugares de encontro para extranxeiros da cidade. Vemos un xoven de case dous metros de altura escoltado docemente por dúas chinas. Baila o home, e elas axeitan as formas dos seus pequenos corpos.

Decidimos saír sin tomar nada. Nun dos extremos dun fermoso xardín atopamos unha casa colonial. Semella de todo agás un bar. Non en valde estamos nunha zona que estivo gobernada polos franceses ata mediados do século XX. Feudo de

mercaderes franceses e rusos, foi centro de casas de citas e fumadoiros de opio. A arquitectura non deixa lugar a dúbidas. Pero do mesmo xeito que esta concesión francesa, en Shanghai tamén houbo outras. Os primeiros en instalarse e gobernar este lugar foron os británicos. Os franceses chegarían despois, e para rematar os xaponeses.

Deixámola casiña concesión dos franceses, novamente, sen tomar nada, e semella que nos diriximos cara outro bar onde se celebra unha festa. Outra vez ó Taxi. Vamos ó *California*, un dos bares máis de moda. Arrodeado por outro fermoso xardín, nun caserón aillado. Repítese a mesma paisaxe: o home branco posto ata as orellas deixase querer polas xóvenes chinas. Fermosas, sexis e ben arroutadas. Nos quedamos fora, e no tiempo que duran duas cervexas, varias mozas sairon vestidas co típico *sari*. Tentárono, pero os seus petos están baleiros. Os nosos praceres son outros.

Caranguexos machos de río, langostinos con pauciños, pastel de alubias vermellas e serpe conformaron o menú dos

derradeiros mediodías. Puro *delicatessen* das mellores cociñas do mundo. Pratos dignos da cidade.

Nembargantes, as ceas foron ha sido insulsas, comida rápida, primeiro china e logo, por si fora pouco, americana. Lucímonos. Unha cea chocalleira, pero a sobremesa foi extraordinaria. Un grupo numeroso de chinos amontóase nun dos recunchos que amosa o parque, e cantan, son cancións populares acompañadas de varios instrumentos. É un coro ledos, e nos invitan a participarmos con eles. Preto, outro grupo ensaia un baile. Mañá, pouco antes de que amaneza, esto estará cheo de chinos practicando Tai-ji, danza e badminton. Deitámonos cas súas cancións de fondo, e un sorriso nos beizos. Non podemos coñecer tódalas Shangai existentes. Tampouco semella posible. *Tzai-tsen*⁴, Shanghai.

Traducción: Xoan Alonso e José Luis Padrón

⁴ Tzai-tsen: Adiós, en mandarín.